



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA Y LA UNIVERSIDAD DE VIGO, PARA LA IMPLANTACIÓN DEL TÍTULO DE MASTER EN “ARQUEOLOGÍA Y CIENCIAS DE LA ANTIGÜEDAD”

Santiago de Compostela, 30 de setiembre de 2013

REUNIDOS

De una parte, don Juan José Casares Long, Rector Magnífico de la Universidad de Santiago de Compostela que actúa en nombre y representación de ella en virtud del Decreto 99/2010, de 17 de julio, (DOG do 24), de su nombramiento, y por las facultades conferidas por la Ley Orgánica 6/2001, de 21 de diciembre, de universidades, modificada por la Ley Orgánica 4/2007, de 12 de abril e o Decreto 28/2004, de 22 de enero, por el que se aprueban los estatutos de la Universidad de Santiago de Compostela

De otra parte, don Salustiano Mato de la Iglesia, Rector Magnífico de la Universidad de Vigo entidad domiciliada en Vigo, Campus Universitario, As Lagoas-Marcosende, s/n, CP 36310 e CIF Q8650002B, nombrado según Decreto de la Comunidad Autónoma de Galicia nº 90/2010, de 10 de julio, publicado en el DOG nº 14 del 17 de junio de 2010, de acuerdo con las competencias que le otorga el artículo 20 de la LOU y el artículo 58 de los Estatutos, aprobados por el Decreto 7/2010 de 14 de enero y publicados en el DOG nº 21 de 2 de febrero de 2010 (BOE nº 69 de 20 de marzo de 2010).

Ambas partes se reconocen mutua capacidad de obrar

EXPOÑEN

Que el Real Decreto 1393/2007, de 29 de octubre, por el que se establece la ordenación de las enseñanzas universitarias oficiales, considera la posibilidad de llevar a cabo estudios de Master y Doctorado interuniversitarios

Que le corresponde a la Xunta de Galicia la aprobación de la autorización y la puesta en marcha del Master Oficial en “Arqueología y Ciencias de la Antigüedad”

Que las Universidades de Santiago de Compostela y de Vigo, en ejercicio de su autonomía consideran ajustado a sus fines institucionales el establecimiento de



relaciones interuniversitarias en el ámbito de la gestión y la docencia para la implantación de las referidas titulaciones.

Considerando por lo tanto, el interés compartido en la implantación de las citadas titulaciones, las partes subscriben el presente Convenio de colaboración con sujeción a las siguientes

CLÁUSULAS

PRIMERA –OBJETO

El presente Convenio tiene por objeto la regulación de las bases de actuación para la gestión del título de Master en “Arqueología e Ciencias da Antigüedad”, cuya coordinación corresponde a la Universidad de Santiago de Compostela

SEGUNDA- CARACTERÍSTICAS DE LA TITULACIÓN

El título de Master en Arqueología y Ciencias de la Antigüedad” es una titulación conjunta entre las universidades de Santiago de Compostela y de Vigo, coordinada/s por la Universidad de Santiago de Compostela

Las Universidades de Santiago de Compostela y la de Vigo asumen la gestión.

Los alumnos de esta titulación serán alumnos de las dos universidades a los efectos jurídicos con las especificidades establecidas en el articulado de este Convenio

TERCERA- ACCESO A LA TITULACIÓN

El acceso al Master se hará en función de las normas y procedimientos que tenga establecido cada universidad, que serán equivalentes. Los alumnos podrán formular solicitud de ingreso en cualquiera de las universidades, o en todas a la vez, debiendo optar, en el caso de ser admitido en todas, por una de ellas en el momento de formalizar la matrícula

Las plazas ofertadas cada curso académico serán propuestas por la Comisión Académica del Master, y su aprobación corresponde a las universidades participantes según lo establecido en las respectivas normativas

CUARTA- MATRÍCULA

Las universidades ofertarán de forma independiente el número de plazas.



En cualquiera de los accesos el alumnado podrá formular una solicitud de ingreso independiente en cualquiera de las universidades o en varias o en todas a la vez, debiendo optar, en el caso de ser admitido, por una de ellas cuando formalice la matrícula.

Una vez admitidos con los mismos criterios de selección se considerarán alumnos de un único curso, debiendo formalizar matrícula en una sola universidad, pudiendo realizar módulos o materias en cualquiera de ellas o modificar la universidad que gestione su expediente.

La matrícula se formalizará mediante los procedimientos, normas de liquidación de precios y plazos establecidos por la universidad en la que se matricule. La matrícula será única y comprenderá todas las materias que pretenda cursar el alumnado en alguna o en todas las instituciones. A estos efectos el alumno deberá indicar en el momento de formalizar la matrícula las disciplinas que pretenda cursar en la otra o en las otras instituciones, siempre que así figure en la oferta. Podrán establecerse requisitos de matrícula y/o convocatorias para cursar materias no superadas en la otra universidad participante en el Master, tomando en consideración las convocatorias a las que de ser el caso concurrese en cualquiera de ellas.

Finalizados los plazos de modificación de matrícula que establezca cada universidad y, en el caso de que existan modificaciones que afecten a las materias de la otra universidad en las que haya alumnado inscrito, se comunicarán los cambios en el plazo máximo de 10 días. El alumnado matriculado en una universidad podrá solicitar trasladar la gestión de su expediente a la otra con carácter anual, sin que tenga la consideración jurídica de traslado, por lo que no se deberán abonar precios públicos por este concepto.

En ningún supuesto o ejercicio del derecho de matrícula establecido en estas normas obligará a modificar el régimen de horarios y calendario de exámenes en ninguna de las universidades.

Alo finalizar cada una de las convocatorias oficiales, cada universidad, por el procedimiento que establezca, remitirá a la otra un acta o certificación por cada materia donde exista alumnado inscrito de la otra universidad y que en ese curso esté matriculado en la primera. El acta o certificado incluirá, por lo menos, denominación y código de la materia, DNI, apellidos y nombre del alumno/a y calificación o mención. Esta certificación no será necesaria en el caso de que las universidades utilicen la misma aplicación informática que de acceso a estos datos, pero a los efectos de constancia en el expediente, se remitirá el acta firmada en la que figure la calificación del alumno.

Las materias y actividades cursadas por el alumnado y recogidas en su expediente serán reconocidas en la otra universidad sin que se someta a ningún tipo de proceso de adaptación o convalidación. La transcripción del expediente será literal y sin textos añadidos, notas o aclaraciones.



Para la obtención del título el alumnado deberá tener superados todos los créditos establecidos, independientemente de la universidad donde los superase.

El alumnado abonará los derechos de expedición del título en la universidad donde efectuara la última matrícula, que será la encargada de su expedición en todo lo relacionado con las certificaciones, duplicados, registro y custodia.

QUINTA- TITULACIÓN

El título de Master interuniversitario en “Arqueología y Ciencias de la Antigüedad” será único y conjunto de ambas universidades, le corresponde la expedición y registro del mismo a la universidad en la que el estudiante remate los estudios, haciendo constar el tipo de título que se expide.

El modelo de título que se expida será acordado por las universidades, de acuerdo con la normativa general, e incluirá los símbolos institucionales y la firma de sus rectores.

SEXTA- PROFESORADO

Los profesores que impartan docencia de la titulación en varias universidades o en el campus de la otra universidad tendrán de manera tácita y automática la concesión de la Comisión de Servicios. A estos efectos figurará en la Programación Académica Anual que fijen las respectivas universidades.

Las cuestiones derivadas del intercambio de profesores serán aprobadas por la Comisión de Seguimiento tras el informe de las Vicerrectorías con competencia en la materia.

SÉPTIMA- COMISIÓN DE COORDINACIÓN

Para el desarrollo de los aspectos de la gestión académica, no contemplados en el presente Convenio, se constituirá una Comisión de Coordinación de carácter paritario, de la que formarán parte el coordinador del Master y aquellos otros miembros de la Comisión Académica que se determinen.

Los acuerdos de esta comisión, una vez ratificados por la Comisión de Seguimiento, se incorporarán como anexos al presente Convenio.

OCTAVA- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para llevar a efecto lo establecido en el presente Convenio, se creará una Comisión de Seguimiento que tendrá las siguientes competencias:

- El adecuado seguimiento, interpretación y ejecución de las acciones concretas del contenido del Convenio
- Resolver las cuestiones relativas al intercambio de profesorado
- La resolución de discrepancias para la ejecución del convenio

- Resolver las lagunas que se detecten para la ejecución de lo pactado así como proponer adendas al Convenio

Integran la comisión de Seguimiento además de los Vicerrectores con competencias en el Posgrado y los Secretarios Generales de cada Universidad los coordinadores del Master en “Arqueología y Ciencias de la Antigüedad” de cada una das universidades.

NOVENA – MODIFICACIÓN Y EXTINCIÓN DE LOS TÍTULOS

El Master Universitario en “Arqueología y Ciencias de la Antigüedad” podrá ser sometido a modificaciones de acuerdo con la normativa vigente en cada momento, correspondiendo al Consejo de Universidades, de acuerdo con lo dispuesto en el apartado 2 del artículo 25 del RD 1393/2007, la verificación de la propuesta de modificación del título, que será comunicada a las Universidades participantes, al Ministerio de Educación y a la Comunidad Autónoma correspondiente.

Se considerarán motivos para la extinción del título los siguientes:

- No haber superado el proceso de convalidación para su acreditación (previsto en el Real Decreto 861/2010) y que el plan de ajustes no subsane las deficiencias encontradas.
- Haber realizado modificaciones en el plan de estudios que supongan un cambio notable en los objetivos y naturaleza del título (RD861/2010 modificación del Art. 28) y no haberse sometido al proceso de verificación establecido.
- Non alcanzar el número mínimo anual de 20 estudiantes de nuevo ingreso (Art. 6 decreto 222/2011).
- O bien a petición motivada y justificada del Consejo de Gobierno de la Univ. de Vigo, de la USC o de la Xunta de Galicia, en ejercicio de sus competencias.

En caso de extinción del Master Universitario en “Arqueología y Ciencias de la Antigüedad”, las universidades implicadas garantizarán el ajustado desarrollo teniendo en cuenta las enseñanzas que hubieran iniciado los estudiantes hasta su finalización, y entre otros ol siguientes puntos:

- Que no se admitirán matrículas de nuevo ingreso en titulación.
- Se implantarán tutorías específicas y de orientación para los estudiantes repetidores.
- Se garantizará el derecho a la evaluación hasta agotar las convocatorias reglamentadas en la normativa que les afecte.

DÉCIMA- ENTRADA EN VIGOR Y FIN DEL CONVENIO

El convenio entrará en vigor a día siguiente de su firma y se mantendrá en vigor durante la vigencia del plan, salvo acuerdo expreso de las partes en otro sentido.



DÉCIMO PRIMEIRA- JURISDICCIÓN

Las Universidades de Santiago de Compostela y la de Vigo se comprometerán a resolver de manera amigable cualquier desacuerdo que pueda surgir en el desarrollo del presente acuerdo.

Las cuestiones litigiosas que pudieran surgir en la ejecución del Convenio corresponden a la Jurisdicción Contenciosa-Administrativa, en particular a la Sala del Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, dado el carácter administrativo del convenio.

Y en prueba de conformidad, firman por triplicado el presente acuerdo en el lugar y fecha indicados.

| | |
|---|---|
| Por la Universidad de Santiago de Compostela El Rector | Por la Universidad de Vigo El Rector |
| Juan José Casares Long | Salustiano Mato de la Iglesia |



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A UNIVERSIDADE DE VIGO, PARA A IMPLANTACIÓN DO TÍTULO DE MÁSTER EN “ARQUEOLOXÍA E CIENCIAS DA ANTIGÜIDADE”

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2013

REUNIDOS

Dunha parte, don Juan José Casares Long, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 99/2010, de 17 de xullo, (DOG do 24), do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril e o Decreto 28/2004, de 22 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela

Doutra parte, don Salustiano Mato de la Iglesia, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo entidade domiciliada en Vigo, Campus Universitario, As Lagoas-Marcosende, s/n, CP 36310 e CIF Q8650002B, nomeado segundo Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia nº 90/2010, de 10 de xullo, publicado no DOG nº 14 do 17 de xuño de 2010, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da LOU e o artigo 58 dos Estatutos, aprobados polo Decreto 7/2010 de 14 de xaneiro e publicados no DOG nº 21 de 2 de febreiro de 2010 (BOE nº 69 de 20 de marzo de 2010).

Ambas as dúas partes recoñécense mutua capacidade de obrar

EXPOÑEN

Que o Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanza universitarias oficiais, considera a posibilidade de levar a cabo estudos de Máster e Doutoramento interuniversitarios

Que lle corresponde á Xunta de Galicia a aprobación da autorización e a posta en marcha do Máster Oficial en “Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade”

Que as Universidades de Santiago de Compostela e de Vigo, en exercicio da súa autonomía consideran axeitado aos seus fins institucionais o establecemento de



relacións interuniversitarias no ámbito de xestión e docente para a implantación das referidas titulacións.

Considerando polo tanto, o interese compartido na implantación das citadas titulacións, as partes subscriben o presente Convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA –OBJECTO

O presente Convenio ten por obxecto a regulación das bases de actuación para a xestión do título de Máster en “Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade”, cuxa coordinación corresponde á Universidade de Santiago de Compostela

SEGUNDA- CARACTERÍSTICAS DA TITULACIÓN

O título de Máster en “Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade” é unha titulación conxunta entre as universidades de Santiago de Compostela e de Vigo, coordinada/s pola Universidade de Santiago de Compostela

As Universidades de Santiago de Compostela e de Vigo asumen a xestión.

Os alumnos desta titulación serán alumnos das dúas universidades para os efectos xurídicos coas especificidades establecidas no articulado deste Convenio

TERCEIRA- ACCESO Á TITULACIÓN

O acceso ao Máster farase en función das normas e procedementos que teña establecido cada universidade, que serán equivalentes. Os alumnos poderán formular solicitude de ingreso en calquera das universidades, ou en todas á vez, debendo optar, no caso de ser admitido en todas, por unha delas no momento de formalizar a matrícula

As prazas ofertadas cada curso académico serán propostas pola Comisión Académica do Master., e a súa aprobación corresponde as universidades participantes segundo o establecido nas respectivas normativas

CUARTA- MATRÍCULA

As universidades ofertarán de forma independente o número de prazas.

En calquera dos accesos o alumnado poderá formular unha solicitude de ingreso independente en calquera das universidades ou en varias ou en todas á vez, debendo optar, no caso de ser admitido, por unha delas cando formalice a matrícula.



Unha vez admitidos cos mesmos criterios de selección consideraranse alumnos dun único curso, debendo formalizar matrícula nunha soa universidade, podendo realizar módulos ou materias en calquera delas ou modificar a universidade que xestione o seu expediente.

A matrícula formalizarase mediante os procedementos, normas de liquidación de prezos e prazos establecidos pola universidade na que se matricule. A matrícula será única e comprenderá todas as materias que pretenda cursar o alumnado nalgunha ou en todas as institucións. Para estes efectos o alumno deberá indicar no momento de formalizar a matrícula as disciplinas que pretenda cursar na outra ou nas outras institucións, sempre que así figure na oferta. Poderán establecerse requisitos de matrícula e/ou convocatorias para cursar materias non superadas noutra das universidades participantes no máster, tomando en consideración as convocatorias ás que de ser o caso concorrese en calquera delas.

Finalizados os prazos de modificación de matrícula que estableza cada universidade e, no caso de que existan modificacións que afecten ás materias da outra universidade nas que haxa alumnado inscrito, comunicaranse os cambios no prazo máximo de 10 días. O alumnado matriculado nunha universidade poderá solicitar trasladar a xestión do seu expediente á outra con carácter anual, sen que teña a consideración xurídica de traslado, polo que non se deberán aboar prezos públicos por este concepto.

En ningún suposto o exercicio do dereito de matrícula establecido nestas normas obrigará a modificar o réxime de horarios e calendario de exames en ningunha das universidades.

Ao finalizar cada unha das convocatorias oficiais, cada universidade, polo procedemento que estableza, remitiralle á outra unha acta ou certificación por cada materia onde exista alumnado inscrito da outra universidade e que nese curso estea matriculado na primeira. A acta ou certificado incluirá, polo menos, denominación e código da materia, DNI, apelidos e nome do alumno/a e cualificación ou mención. Esta certificación non será necesaria no caso de que as universidades utilicen a mesma aplicación informática que dea acceso a estes datos, pero para os efectos de constancia no expediente, remitírase a acta asinada na que figure a cualificación do alumno.

As materias e actividades cursadas polo alumnado e recollidas no seu expediente serán recoñecidas na outra universidade sen que se someta a ningún tipo de proceso de adaptación ou validación. A transcripción do expediente será literal e sen textos engadidos, notas ou aclaracións.

Para a obtención do título o alumnado deberá ter superados todos os créditos establecidos, independentemente da universidade onde os superase.

O alumnado aboará os dereitos de expedición do título na universidade onde efectuara a última matrícula, que será a encargada da súa expedición en todo o relacionado coas certificacións, duplicados, rexistro e custodia.



QUINTA- TITULACIÓN

O título de Máster interuniversitario en “Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade” será único e conxunto de ambas dúas universidades., correspondéndolle a expedición e rexistro do mesmo á universidade na que o estudante remate os estudos, facéndose constar o tipo de título que se expide.

O modelo de título que se expida será acordado polas universidades, de acordo coa normativa xeral, e incluírá os símbolos institucionais e a sinatura dos seus reitores.

SEXTA- PROFESORADO

Os profesores que impartan docencia da titulación en varias universidades ou no campus doutra universidade terán de maneira tácita e automática a concesión da Comisión de Servizos. Para estes efectos figurará na Programación Académica Anual que fixen as respectivas universidades.

As cuestións derivadas do intercambio de profesores serán aprobadas pola Comisión de Seguimento tras o informe das Vicerreitorías con competencia na materia..

SÉTIMA- COMISIÓN DE COORDINACIÓN

Para o desenvolvemento dos aspectos da xestión académica, non contemplados no presente Convenio, constituirase unha Comisión de Coordinación de carácter paritario, da que formarán parte o coordinador do máster e aqueles outros membros da Comisión Académica que se determinen.

Os acordos desta comisión, unha vez ratificados pola Comisión de Seguimento, incorporaranse como anexos ao presente Convenio.

OITAVA- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para levar ao efecto o establecido no presente Convenio, crearase unha Comisión de Seguimento que terá as seguintes competencias:

- O adecuado seguimento, interpretación e execución das accións concretas do contido do Convenio
- Resolver as cuestións relativas ao intercambio de profesorado
- A resolución de discrepancias para a execución do convenio
- Resolver as lagoas que se detecten para a execución do pactado así como propoñer addendas ao Convenio

Integran a comisión de Seguimento ademais dos Vicerreitores con competencias no Posgraio e os Secretarios Xerais de cada Universidade os coordinadores do Máster en “Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade” de cada unha das universidades.

NOVENA – MODIFICACIÓN O EXTINCIÓN DE LOS TÍTULOS

O Máster Universitario en “Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade” poderá ser sometido a modificacións de acordo coa normativa vixente en cada momento, correspondendo ao Consejo de Universidades, de acordo co disposto no apartado 2 do artigo 25 do RD 1393/2007, a verificación da proposta de modificación do título, que será comunicada ás Universidades participantes, ao Ministerio de Educación e á Comunidade Autónoma correspondente.

Considéranse motivos para a extinción do título os seguintes:

- Non ter superado o proceso de avaliación para a súa acreditación (previsto no Real Decreto 861/2010) e que o plan de axustes non subsane as deficiencias atopadas.
- Ter realizado modificacións no plan de estudos que supoñan un cambio notable nos obxectivos e natureza do título (RD861/2010 modificación do art. 28) e non ter sido sometido ao proceso de verificación establecido.
- Non acadar o número mínimo anual de 20 estudantes de novo ingreso (art. 6 decreto 222/2011).
- Ou ben a petición motivada e xustificada do Consello de Goberno da Univ. de Vigo, de la USC ou da Xunta de Galicia, en exercicio das súas competencias.

En caso de extinción do Máster Universitario en “Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade”, as universidades implicadas garantirán o axeitado desenvolvemento tendo en conta as ensinanzas que tiveran iniciado os seus estudantes ata a súa finalización, e entre outros os seguintes puntos:

- Que non se admitirán matrículas de novo ingreso na titulación.
- Implantaranse titorías específicas e de orientación para os estudantes repetidores.
- Garantírase o dereito á avaliación ata esgotar as convocatorias reguladas na normativa que lles afecte.

DÉCIMA- ENTRADA EN VIGOR E FIN DO CONVENIO



O convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterase en vigor durante a vixencia do plan, salvo acordo expreso das partes noutro sentido.

DÉCIMO PRIMEIRA- XURISDICIÓN

As Universidades de Santiago de Compostela e de Vigo comprométese a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente acordo.

As cuestións litixiosas que puideran xurdir na execución do Convenio corresponden á Xurisdición Contenciosa-Administrativa, en particular á Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dado o carácter administrativo do convenio.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado o presente acordo no lugar e data indicados.

| | |
|--|---|
| <p>Pola Universidade de Santiago de Compostela O Reitor</p>  <p>Juan José Casares Long</p> | <p>Pola Universidade de Vigo O Reitor</p>  <p>Salustiano Mato de la Iglesia</p> |
|--|---|